

Inicio > Cultura / Ocio > Más de 50 personas redescubren las tradiciones ancestrales de la festividad de...

Cultura / Ocio Nigrán Vigo

Más de 50 personas redescubren las tradiciones ancestrales de la festividad de San Xoán

Por Redacción - 22/06/2025



Este sábado, 21 de xuño, a escritora nigranesa Soledad García celebrou o solsticio de verán na Fundación Sales cunha actividade que reuniu a 56 persoas interesadas en redescubrir as tradicións ancestrais da festividade de San Xoán.

A través da figura de Calíope, a serea protagonista do seu libro *"Un paseo por Nigrán"*, Soledad guiou ás persoas asistentes nun percorrido pola historia e o simbolismo do ramo de San Xoán, elemento central desta celebración estival. *"O solsticio de verán é o día con máis horas de luz do ano. A palabra 'solsticio' vén do latín e significa 'sol quedo', porque nestes días o astro parece non se mover no ceo"*, explicou a autora.

Durante o encontro, as e os asistentes foron realizando o seu propio ramo de San Xoán coas herbas recolectadas pola escritora, entregando a segunda edición do seu *"Herbario do Solsticio de Verán"*, un práctico libro de peto que permite recoñecer as 33 herbas que tradicionalmente se recollen este días para elaborar o ramo de San Xoán.

Segundo conta Soledad García, a elaboración e o uso do ramo seguen un ritual coidado: *"O ramo débese colocar nun balde con auga fría, deixalo toda a noite de San Xoán ao orballo e á luz da lúa para que as herbas activen o seu poder curativo. Ao día seguinte retírase, e lávase a cara e o peito con esta bonita mensaxe "auga de San Xoán, dáme sorte para hoxe e para mañá". O ramo déixase secar do revés, gardarémosto con agarimo onde a ilusión do loureiro non quebre, porque vai ser o noso fiel gardián, e cando chegue a seguinte noite de San Xoán, lanzarémosto ao lume sen afán para que se queime todo o mal acumulado e renovar as enerxías"*.

García salientou a importancia de manter viva esta tradición que aprendeu da súa nai, como símbolo de identidade e de conexión coa natureza: *"Non quero que se perda"*, afirmou, facendo unha chiscadela á postal literaria gañadora do premio *"Ollo con Nigrán"* o pasado mes de marzo e denunciando o excesivo uso de herbicidas que provocan a desaparición de moitas destas plantas silvestres.

Autora de 30 obras—14 publicacións colectivas, 13 libros infantoxuvenís e 3 poemarios—, a escritora dos paseos literarios do Miñor vén de ser galardoada este ano 2025 con cinco premios literarios, cunha escrita que visibiliza as realidades silenciadas: a emigración forzada, a defensa do ensino público, os nenos roubados e a vulneración de dereitos fundamentais, baixo os títulos *"Tindouf"*, *"Non quero que se perda"*, *"Cutis mea denigrata est super me et ossa mea aruerunt prae caumat"*, *"Ensino Público"*, *"Ubuntu"* e *"Henko"*.

ETIQUETAS

Fundación Sales

Nigrán1

San Xoán

Soledad García

Vigo1



Facebook



Twitter



WhatsApp



Telegram
